

# PROGRAMA MUNICIPAL DO BNG PARA O CONCELLO DE TEO

*abril 2003*

## Áreas:

- I UNHA ADMINISTRACIÓN LOCAL EQUITATIVA, ÁXIL E SOLIDARIA
- II PARTICIPACIÓN SOCIAL
- III ORDENACIÓN TERRITORIAL, INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS BÁSICOS
- IV MEIO AMBIENTE
- V POLÍTICA LINGÜÍSTICA
- VI CULTURA
- VII POLÍTICA EDUCATIVA
- VIII SANIDADE
- IX SERVIZOS SOCIAIS
- X POLÍTICA PARA A MOCIDADE
- XI POLÍTICAS ESPECÍFICAS DE ATENCIÓN ÁS MULLERES
- XII DEPORTES

## **I UNHA ADMINISTRACIÓN LOCAL EQUITATIVA, ÁXIL E SOLIDÁRIA**

É obxectivo prioritario do BNG democratizar o Concello de Teo, caracterizado ata o de agora por unha xestión obscurantista, clientelar e alonxada da participación da cidadanía. Cómpre pois desterrar a prepotencia e o autoritarismo, asegurar un trato sen privilexios e igualitario para todas as persoas, recuperar a relación de confianza entre as institucións e a cidadanía, abrir vías de diálogo e consenso cos axentes sociais e entidades representativas a prol das iniciativas municipais e facilitar o labor político dos grupos municipais da oposición. Con este obxectivo, o BNG activará as seguintes liñas de actuación:

- Facilitar a información necesaria á cidadanía en xeral, aos grupos da oposición e aos medios de comunicación. Neste sentido, o BNG comprométese a que os Plenos sexan convocados a horas nas que os veciños e veciñas poidan asistir se así o desexan, e a que volvan a ser emitidos pola TV-local.
- Garantir a transparencia e a equidade no acceso á función pública local e nas contratacións de persoal, tanto nas administracións locais como nas empresas, entes ou fundacións dependentes delas. Nas contratacións terán-se en conta os méritos e capacidade dos/as aspirantes, e primará-se o carácter profesional da selección. Tenderá-se a separar as convocatorias abertas das de promoción interna.
- Garantir a transparencia e a equidade en todos os concursos públicos e en todas as contratacións de obras ou servizos a cargo da Administración Local.
- Afixar criterios obxectivos que orienten as Políticas de Apoio e Subvención e permitan a participación igualitaria, erradicando a discrecionalidade.
- Garantir o labor fiscalizador e de control do Pleno da Corporación, poñendo a disposición dos grupos da oposición os medios materiais e técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

Será obxectivo do BNG configurar unha administración achegada ao cidadán, dinámica, flexíbel, accesíbel e que ofrezca servizos de calidade. A tal fin, o BNG defenderá:

- A elaboración dun plano marco de mellora da calidade que defina as liñas estratéxicas, obxectivos e medidas para optimizar os niveis de prestación de servizos e acadar maiores cotas de calidade.
- A posta a disposición da cidadanía de cartas de servizo nas que se informe dos servizos que se prestan, dos compromisos na prestación e dos dereitos dos usuarios/as e veciños/as en relacións con eles.
- A realización dun proxecto de reorganización interna da administración.
- A simplificación dos sistemas de traballo e dos seus procedementos para face-los áxeis e adecuados á demanda que deben satisfacer.
- O fomento da formación e capacitación continua do persoal.
- O establecemento de oficinas municipais de Atención á cidadanía nos Tilos e na zona de Calo, co obxectivo de facilitar labores de información ou recollida de documentación.

O BNG ten manifestado, desde sempre, a súa sensibilidade e compromiso cos povos empobrecidos, fomentando a cooperación e a solidariedade internacional. Neste sentido, defenderá a integración do Concello de Teo no Fondo Galego de Cooperación en Solidariedade, a través do cal canalizará unha axuda solidária que ronde o 0,7% do orzamento.

## II PARTICIPACIÓN SOCIAL

A participación social é o alicerce da política municipal do BNG, o meio para facer a acción de goberno o máis acaída posíbel ás demandas e necesidades da poboación, e unha vía para acadar o apoio social necesario para a súa realización. Xa que logo, non se limitará á consulta prévia sobre os proxectos municipais en calquer área de goberno, senón que procurará implicar no posíbel aos colectivos sociais interesados na súa elaboración e execución, através dos mecanismos máis idóneos en cada caso.

O BNG institucionalizará no Concello de Teo a participación social, creando e pondo en marcha normas e órgaos que garantan o dereito dos veciños e veciñas a intervir nos asuntos que sexan do seu interese, individualmente ou a través de entidades representativas. Esta participación terá como obxectivos:

- Afortalar o movemento social organizado.
- Aumentar a consciencia e a corresponsabilidade da sociedade através da súa participación na toma de decisións.
- Facer transparente e áxil a xestión municipal.
- Democratizar a vida municipal, convertendo o Concello nunha institución ao servizo da cidadanía.

O mecanismo de traballo para canalizar a participación social será o Regulamento de Participación Veciñal, presentado polo BNG de Teo na pasada lexislatura pero que tivo unha vida efímera, derogado polo actual Alcalde cando recuperou a maioría. Aínda así, a curta experiencia foi ben positiva e permitiu, entre outras cousas, que por primeira vez veciños e veciñas de Teo interviran nun Pleno municipal en defensa dos intereses dunha ampla colectividade afectada. Os obxectivos declarados neste Regulamento foron, e serán de novo:

- Facilitar a máis ampla información sobre as actividades municipais, as obras e os servizos.
- Facilitar e promover a participación dos veciños/as e entidades da colectividade na xestión municipal con respecto ás facultades de decisión que corresponden aos órganos municipais representativos.
- Facer efectivos os dereitos dos veciños/as recollidos no artigo 18 da Lei Reguladora das bases do réxime local.
- Fomentar a vida asociativa no concello.
- Achegar a xestión municipal aos veciños e veciñas.
- Garantir a solidariedade e o equilibrio entre os distintos núcleos de poboación do termo municipal.
- Informar acerca dos grandes temas municipais como o orzamento anual, os planos urbanísticos, a creación e modificación de ordenanzas fiscais, os planos sectoriais, os programas culturais, sociais ou de saúde, e sobre outros que o Concello considere ou que sexan solicitados pola maioría das asociacións.

O Goberno do BNG en Teo fomentará non só talantes e normativas democratizadoras da vida municipal, senón que potenciará o asociacionismo, dándolle o protagonismo que lle corresponde e recoñecendo, como resultado de procesos democráticos internos, a súa representatividade, apoiando as súas actividades e integrando-as na programación municipal mediante convénios de colaboración.

O BNG proporcionará medios e creará espazos abertos e dinámicos de debate para afortalar o movemento veciñal.

### **Orzamentos participativos**

Tomando en consideración os obxectivos anteriormente expostos e a aposta por potenciar a participación da cidadanía nas áreas da administración municipal nas que sexa posíbel, o BNG de Teo considera necesario comezar un proceso que permita a implantación duns orzamentos municipais participativos.

Este proceso pretende reclamar dos cidadáns que asuman responsabilidades nalgunhas das decisións que afectan ao seu meio físico e humano, á vez que colaboran co Concello na toma de decisións que moitas veces se fan desde a Administración Local sen un coñecemento inmediato e diário de determinadas cuestións.

Comezaremos a andaina deste proxecto no ano próximo, reservando partidas económicas nalgunhas áreas para que sexan distribuídas pola cidadanía, tomando como base as propostas presentadas polo Concello ou polos propios cidadáns. A toma de decisións sobre o fin último destas partidas fará-se através de organizacións representativas dos grupos ou sectores implicados ou, cando isto non sexa posíbel, de xeito assembleáreo.

Pretendemos que estas partidas medren en dotación orzamentaría e se estendan a outras áreas nos próximos anos. O proxecto representa un reto importante para o BNG de Teo e un primeiro intento que, sen dúbida, iremos perfeccionando co tempo, coa práctica e coa colaboración de toda a veciñanza, co fin último de lograr que unha importante porcentaxe de partidas e fondos municipais sexan distribuídas deste xeito.

### **III ORDENACIÓN TERRITORIAL, INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS BÁSICOS**

A falla de coordinación dos instrumentos de planificación territorial, urbanística e sectorial ten impedido sentar as bases necesarias para un desenvolvemento socio-económico sustentábel no concello. Son evidentes as eivas na utilización do territorio, nas políticas de vivendas sociais, na protección do medioambiente, na xestión e optimización dos recursos naturais propios ou nos índices de calidade de vida nos asentamentos de poboación. O BNG de Teo comprométese a dinamizar a xestión municipal poñendo en acción todo o abano de mecanismos de xestión no ordenamento territorial.

Por outra banda, non podemos esquecer a gravísima situación criada coa suspensión de licencias de construción debida á absoluta irresponsabilidade do ata agora Alcalde e do seu grupo, que deixou na indefensión e a inseguridade a moitos veciños e veciñas que, querendo respectar a legalidade e sen ser culpabeis de ningunha infracción, víronse privados de promover a edificación das súas vivendas unifamiliares. A redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) debe valer por fin para permitir un desenvolvemento urbano e económico do concello compatíbel coa creación de zonas de convivencia e con servizos, onde sexa agradábel e posíbel saír a pasear cos nenos, disfrutar á beira dos ríos ou xogar sen perigo alonxados das estradas.

Serán actuacións prioritarias do goberno municipal do BNG:

#### **Urbanismo**

- Defender que o futuro PXOM estableza un modelo de ordenación, ata agora inexistente, que:
  - garanta un desenvolvemento amplo dos núcleos rurais coa dotación de servizos necesaria, promovendo un medre harmónico e equilibrado.
  - contemple a posibilidade de dar unha resposta clara ás necesidades de infraestructuras, servizos colectivos, equipamentos e dotacións comunitarias.
  - compense a carencia de zonas verdes e usos públicos que o urbanismo salvaxe dos últimos anos produciu, especialmente na zona de Montouto-Cacheiras.
  - dea resposta ás necesidades de crecemento do Concello nos próximos 25 ou 30 anos.
  - evite desequilibrios territoriais, para o que debe contemplar, co mesmo nivel de concreción, a necesaria dotación de infraestructuras e servizos nas parroquias do interior que nas zonas urbanas en desenvolvemento.

Do mesmo xeito, considerará-se prioritario completar e solucionar os problemas do servizo de abastecimento de augas e alcantarillado (condicionantes previos a calquera actuación constructiva).

- Garantir un proceso transparente e participativo na elaboración do PXOM, establecendo canles para que as diversas opinións poidan coñecerse e contrastarse, e no que primen os intereses veciñais conxuntos máis alá de calquera favoritismo.

- Defender, dende a administración local, a modificación da nova Lei do Solo de Galicia, que impón unhas durísimas condicións para a ampliación dos núcleos tradicionais, únicas zonas nas que se pode construír na zona rural, e que pode xerar no futuro un grave desequilibrio territorial.

O BNG de Teo asume o compromiso de impedir que o Concello utilice o sistema de "concesión de obra urbanizadora" que permite a nova Lei do Solo, e que posibilitaría que unha inmobiliária, sen ser propietaria de ningunha parcela e en contra da opinións dos propietarios deses terreos, realizá-se a urbanización do solo urbanizábel recorrendo, incluso, á expropiación da zona afectada.

- Proceder á contratación dun Arquitecto Municipal, garante do cumprimento da legalidade en materia de urbanismo, e establecer un convenio co Colexio de Arquitectos de Galicia que posibilite o asesoramento na planificación de actuacións e no desenvolvemento do PXOM.

## **Vivenda**

O BNG levará unha política decidida diante das administracións públicas competentes, de maneira que toda persoa poida satisfacer o seu dereito a dispoñer dunha vivenda digna e adecuada as súas condicións económicas, físicas e familiares. Tendo en conta as necesidades da poboación do concello:

- Incrementará-se a construción de vivendas de protección oficial de promoción pública, estudando con especial atención todo o relativo a súa ubicación. Desenvolverán-se políticas activas a prol da constitución dun fondo de solo urbano, garantía da promoción de vivenda protexida, axudando á consecución de modalidades de promoción concertada coa iniciativa privada sen ánimo de lucro, cooperativas, asociacionismo de veciños, etc.
- Criará-se unha dotación de vivendas sociais públicas que poidan ser ofertadas en aluguer a aquelas persoas que polas súas necesidades específicas precisen, durante un período determinado, dispoñer duna vivenda digna sen ter que recorrer á súa compra.
- A vivenda rural de promoción máis común (autopromoción e autoconstrución) contará no noso concello co compromiso de concertar cos colexios profesionais, a prezos reducidos, o asesoramento técnico a proxectos e direccións de obra (nova ou de rehabilitación).

## **Patrimonio Arquitectónico (Ver tamén o apartado de Patrimonio cultural no capítulo de "Cultura")**

O BNG considera que é preciso desenvolver unha política comprometida co patrimonio construído, impulsando a rehabilitación de edificios e vivendas, dotando de asesoramento técnico as actuacións e simplificando a tramitación administrativa.

Neste sentido, promoverá-se dende o concello unha política propia de rehabilitación das vivendas tradicionais, informando e promocionando os programas de subvencións destinados a este fin e ofertando reducións de taxas ou impostos para aquelas rehabilitacións que respecten os entornos das aldeas e as tipoloxías tradicionais.

## **Infraestructuras e seguridade vial**

O BNG propiciará que o Concello elabore un Plano Cuatrienal de Infraestructuras (estradas, pistas, sinalamentos,...), que defina as prioridades e os investimentos en obras e infraestructuras a medio e longo prazo, tanto nas novas vías necesarias como na ampliación e conservación das existentes. Asímeso o compromiso de dialogar cos veciños/as, de discutir as posibles alternativas e de intentar consensuar entre todas as forzas políticas as prioridades de actuación. Considéranse actuacións preferentes neste eido:

- Articular viariamente o territorio de todo o concello, con infraestructuras que nos enlacen comodamente coas grandes vías pero que tamén permitan unha circulación fluida entre as distintas parroquias.
- Levar adiante un proxecto urxente de acondicionamento das principais estradas e pistas, que se atopan en situación lamentábel, e rematar dunha vez as obras empezadas hai tempo e nunca rematadas (o que supón un permanente risco para a circulación).

- Desenvolver o progresivo acondicionamento das beirarrúas, primando a seguridade e fuxindo dos favoritismos que tantas veces se teñen dado, e avanzar no obxectivo de dotar de carrís-bici un número importante de vías que posibiliten o disfrute e coñecemento do concello.
- Seguir defendendo a necesidade dun novo estudo sobre o corredor paralelo á C-541 que sexa elaborado a partir de datos actualizados, que non destruce núcleos tradicionais de poboación e que teña en conta a opinión dos veciños afectados.
- Estudar a viabilidade dun transporte lixeiro de superficie (tipo tranvía, metro lixeiro ou bus exprés), que posibilitara unha rápida comunicación con Santiago aproveitando o desdobre da C-541 e a redución de tráfico na estrada vella.

No eido da seguridade vial considérase urxente:

- Solicitar da CPTOPV autorización para o pintado de carrís de incorporación á C-541 nas grandes urbanizacións no tramo comprendido entre o alto de Montouto e o centro de Cacheiras, así como no cruce cara Recesende e o campo de fútbol de Cacheiras, ou deseñando o trazado de puntos que permitan cambiar o sentido sen ter que realizar manobras de elevado risco.
- Colocar semáforos para o paso de peóns, con interruptor incorporado, nos núcleos de maior densidade. Procuraráse que esta rede semaforica facilite tamén a incorporación de vehículos dende as estradas laterais.
- Negociar urxentemente coa Consellería unha solución definitiva á saída dos Tilos cara a C-541, fonte de numerosos atrancos para os residentes na urbanización nas horas punta.
- Proceder de inmediato a sinalar e remarcar claramente a prohibición de estacionar ou aparcarse nas proximidades dos cruces, xa que se impide totalmente a visibilidade dos condutores que pretenden incorporarse ás estradas de gran circulación.
- Negociar co Ministerio de Obras Públicas ou coas autoridades competentes, unha solución definitiva ao *punto negro* da N-550 no tramo das Galanas, orixe de numerosos accidentes, e solicitar mentras tanto unha solución provisional que poida paliar momentaneamente a situación.
- Esixir do Ministerio de Obras Públicas o redimensionamento das minirrotondas da Casalonga, na N-550, fontes de continuos percances polas súas escasas dimensións que impiden prever coa mínima e necesaria anticipación as manobras que van executar os coches que nela se atopan e pola súa reducida visibilidade. Esta situación agravará-se aínda máis coa conexión a unha delas da estrada Ramallosa-Casalonga, con tráfico intenso e voluminoso.
- Repintar todas as sinalizacións horizontais das estradas de titularidade municipal, moi especialmente dos STOPS, e repoñer as sinais verticais rotas ou desaparecidas. Resulta especialmente necesario e urxente colocar a sinalización vertical e horizontal que defina claramente a prioridade de paso no cruce de Solláns.
- Adoptar medidas técnicas de inmediato para impedir que as principais vías dos Tilos se convirtan en travesías de alta velocidade, utilizadas polos non residentes como vías de paso cara outros destinos, e para evitar que se circule a velocidades perigosas nas vías interiores do concello, especialmente nas proximidades dos núcleos.

## SERVIZOS BÁSICOS

### Saneamento e Abastecimento de Auga

Os importantes investimentos realizados polo Concello de Teo na rede de saneamento, en grande medida a cargo das subvencións concedidas por outras administracións, van ser "cartos tirados" pola falta de control na calidade das obras realizadas e pola falta de planeamento das mesmas. Os reiterados intentos do BNG para que o Concello asumise a planificación, definise prioridades, e exercese o seguemento e control das obras, caeron en saco roto.

A situación é lamentábel, xa que dos 139 núcleos rurais do Concello de Teo, 87 deles aínda non contan con ningún tipo de saneamento colectivo (7 núcleos están en fase de proxecto e só 2 en execución). Por outra banda, as depuradoras estáticas de tipo decantación-dixestión coas que contan algúns núcleos, requiren dun eficiente mecanismo de control e mantimento que os farían altamente custosos se o Concello realmente se preocupara de facer este seguimento. Diante desta situación resulta prioritario:

- Negociar coa Consellería o redimensionamento da rede de depuradoras para a actual poboación de Teo, na actualidade moi deficiente, xa que o concello só conta con tres depuradoras de tratamento biolóxico (Os Tilos, Os Verxeis e a de Francos, inaugurada recentemente) e con 12 depuradoras estáticas do tipo Decantación-Dixestión que serven a algúns núcleos rurais.
- Solucionar os graves problemas que provoca a conexión aos sumidoiros da nova urbanización de Augas Mansas, que verte á xa saturada depuradora dos Verxeis, e que só se poderán solucionar coa construción dunha nova depuradora xeral para toda a zona da C-541. A esa situación súmase a futura conexión da SAU-3 da Ramallosa (aprobada inicialmente) que verterá a unha pequena depuradora local sen conexión co sistema xeral.
- Elaborar un plano que permita acadar, a medio prazo, o control efectivo e a purificación de todas as augas residuais, tanto de orixe privada coma industrial. Garantir o funcionamento axeitado das depuradoras durante a súa vida activa, controlando especialmente a separación das augas de chuvia das augas de depuración.

Con respecto ao abastecimento de auga, o BNG propón:

- Rematar a rede integral de abastecimento de auga potábel de maneira que esta chegue a todos os lugares do concello.
- Apoiar as traídas de auga veciñais, asegurando as debidas condicións técnicas e sanitarias das mesmas.

### **Recollida e tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos (RSU)**

O BNG deseñará proxectos que teñan por fundamento a Recuperación, a Reutilización e a Reciclaxe e, sobre todo, a diminución da produción de lixo. Defenderá-se unha práctica municipal comprometida coa reutilización e reciclado do vidro, papel, cartón, plásticos e metais mediante a recollida selectiva, mellorando a situación existente.

Considéranse actuacións prioritarias:

- Elaborar un plano de selado e eliminación de vertedoiros incontrolados
- Mellorar e publicitar a recollida selectiva de voluminosos (móbeis, electrodomésticos,...), poñendo en práctica medidas de control para evitar futuros vertedoiros. Criarían-se ademais ecopuntos nos que depositar pilas, pequenos electrodomésticos, pinturas e todo tipo de pequenos materiais reciclables ou potencialmente perigosos para o medio.
- Mellorar de forma xeral o servizo de recollida do lixo, especialmente grave nalgúns aldeas e nas novas urbanizacións. Garantirán-se que todos os cidadáns reciban este e outros servizos municipais con todas as garantías e coas condicións necesarias. Actuarán-se con especial urxencia nos casos máis graves, reiteradamente expostos polos veciños.
- Revisar o número e circunstancias de urbanizacións non recepciónadas polo Concello, para estudar as posibles solucións aos problemas que plantexan: lixo, papeleiras, xardíns de uso público,..., e tomar as medidas correspondentes respecto aos incumprimentos das promotoras que impiden a recepción destas obras, así como con respecto ás carencias existentes.

### **Abastecimento de Enerxía**

O BNG comprométese, dende o goberno municipal, a negociar con UNIÓN FENOSA e a Consellería de Industria a eliminación nos déficits do servizo de enerxía eléctrica, que aínda non garante en moitas aldeas unha potencia dentro dos límites estipulados nos contratos. Neste sentido, asesorará-se e axudará-se aos veciños afectados pola deficiencia

nas suas reclamacións, e procederá-se á comprobación do cumprimento das condicións que figuran nos proxectos de modernización aprobados e financiados pola Xunta de Galiza na subministración de enerxía.

Procederá-se a negociar o progresivo soterramento de toda a rede eléctrica, desenvolvendo planos de canlizacións estándar para todas as conductiones: auga, fibra óptica, telefonía,...

Promoverán-se e negociarán-se proxectos coas empresas interesadas para garantir, progresivamente, o abastecimento de gas a todos os núcleos do concello. Esixirá-se o cumprimento das licencias de distribución concedidas, garantindo a extensión do servizo de gas a toda a urbanización dos Tilos.

#### **Outros servizos:**

Con respecto ao servizo postal, o BNG:

- Esixirá da Xefatura da Zona 1ª da *Sociedad Estatal Correos Y Telégrafos Sociedad Anónima* (que abrangue toda Galiza), o cumprimento das Directivas Europeas e, moi especialmente, da Lei 24/1998, que establece a recollida e o reparto *todos os días laborables e, como mínimo, cinco días á semana*.

Para conseguir este obxectivo, así como o de incrementar o horario de atención ao público (ata completar 6 horas diárias na oficina da Ramallosa -4 máis das actuais- e a 4 horas na oficina dos Tilos -2 máis-), cómpre incrementar a plantilla do persoal, considerándose necesario 14 traballadores na Ramallosa (5 máis) e 4 nos Tilos (1 máis).

- Requerirá da *Sociedad Estatal Correos Y Telégrafos* o mantimento dunhas instalacións dignas no Concello de Teo para a atención ao público e para o uso dos seus traballadores, abrindo unha posíbel negociación no caso de que locais de propiedade municipal puideran cumprir as características necesarias.

Con respecto a outros servizos de carácter xeral, o BNG comprométese tamén a:

- Incrementar, protexer e coidar espazos de uso público que sirvan como lugares de convivencia e lecer (prazas, parques, xardíns, zonas peonais,...), singularmente se neles concorre un interese medioambiental ou histórico (como na Pena Escorredía,...)
- Promover proxectos orientados a conseguir ampliar a oferta de telefonía e novas tecnoloxías no ámbito do concello, negociando concesións coas empresas ou mesmo asumindo parcialmente a infraestrutura básica, aproveitando para elo a renovación ou instalación doutros servizos.
- Proceder de inmediato a iniciar a numeración de todas as vivendas e parcelas na zona rural, co obxectivo de garantir enderezos inequívocos e de acceso xeral.
- Instalar sinais indicadoras de direccións nos principais cruces do concello, corrixindo as deficiencias e erros existentes

#### **IV MEIO AMBIENTE**

A implicación dos concellos na preservación e xestión eficaz dun medio ambiente axeitado ás condicións de vida dos cidadáns e das cidadás é unha tarefa primordial que o BNG procurará desenvolver através, entre outras, das seguintes medidas:

- Promover unha actuación integral no Medio Ambiente e potenciar a educación e a participación social nos temas medioambientais.
- Defender a estricta aplicación da lexislación medioambiental e, se é o caso, a modificación da mesma, sempre no sentido máis favorábel ao Medio Ambiente.

- Velar polo cumprimento da normativa medioambiental, especialmente por parte daquelas indústrias molestas para os veciños, asumindo e efectivizando todas as competencias municipais que a lei permite. Cómpre vixiar especialmente os efectos prexudiciais da canteira a ceo aberto (contaminación de augas, perigo de derrubamentos, explosións, etc), obrigando á recuperación paisaxística das zonas explotadas.
- Defender unha práctica municipal comprometida coa recollida selectiva e a reutilización de materia orgánica (abono, alimento de animais, etc), incluíndo campañas de información aos vecinos e veciñas.
- Evitar que algunhas zonas do concello se convertan en vertedoiros incontrolados e fontes de contaminación, poñendo os medios necesarios para un control efectivo.
- Facer un estricto seguimento do selado do vertedeiro de Luou e da rexeneración dese espazo público para disfrute dos veciños.
- Protexer e preservar os espazos naturais promovéndoos como un ben cultural de uso e disfrute público e fonte de desenvolvemento económico. Neste sentido, deseñarán-se roteiros naturais de carácter lúdico e educativo através das zonas de maior interese medioambiental.
- Conservar e restaurar os cauces fluviais, prestando especial atención ás zonas de maior sensibilidade como a da Burga.
- Tramitar subvencións, através de convénios coas institucións (Xunta de Galiza, Unión Europea, etc.) para conseguir partidas para limpeza, mantimento e reforestación dos montes.
- Elaborar un regulamento para a plantación e conservación de masas forestais, especialmente as de especies autóctonas.
- Corrixir os efectos negativos que se están derivando dunha concentración parcelária do monte mal deseñada, evitando a destrución da masa forestal e dos espazos naturais autóctonos e racionalizando a apertura de pistas que só buscan o aproveitamento industrial do monte a moi curto prazo e que poden resultar esquiladoras para o futuro.
- Negociar o soterramento das liñas de media e alta tensión que crucen o Concello.
- Protexer e recuperar o meio ambiente urbano, con especial atención ao patrimonio urbanístico tradicional (casas, fontes, lavadoiros, cruceiros, muíños, etc).
- Promover a recuperación e potenciación do Pico de Beitureira (Lampai) como un dos referentes paisaxísticos e naturais do concello, impedindo a súa degradación ou utilización industrial.
- Recuperar a masa común da finca do Ribeirño (Bamonde) para o seu disfrute público por toda a cidadanía, transformándoa nun parque temático que recolla a riqueza natural do concello, primando as compoñentes lúdicas e educativas.

## V POLÍTICA LINGÜÍSTICA

O BNG defenderá unha acción política que contemple a normalización lingüística en todas as actividades políticas, administrativas e sociais da vida municipal como cuestión estratéxica, atendendo aos seguintes criterios:

- A recuperación e promoción dos usos sociais do idioma debe ser obxectivo preferente da política normalizadora.

- A política de normalización, que non debe ser sectorializada, abranguerá todas as actuacións administrativas, burocráticas e públicas en calquer ámbito de actuación política do concello.

Esta política esixirá un maior compromiso dos cargos políticos e do persoal ao servizo das corporacións municipais na utilización do galego, tanto de xeito oral como escrito. Cumpre rematar co uso ritual do idioma galego, sendo por iso necesario:

- A creación do servizo municipal de normalización lingüística, dotado de medios materiais e humanos.
- A elaboración, polo servizo municipal dun plano de normalización da lingua, co obxectivo de impulsar o uso do galego, así como de mellora da calidade lingüística das súas comunicacións orais e escritas.

Entre outras, serán liñas de actuación interna deste plano de normalización:

- a) Cumprimento total da lexislación vixente sobre o uso do galego como lingua oficial de Galiza polas entidades locais e normalización plena da documentación administrativa, dos servizos municipais, parque móbil, ruas, prazas, topónimos, edictos, bandos, anúncios, programas de festas, etc.
- b) Valoración suficiente do coñecemento do galego nas oposicións, concursos-oposición e demais probas que se realicen na administración local, seguindo os seguintes criterios básicos: as probas realizarán-se con carácter xeral e obrigatorio, esixirá-se capacidade de expresión oral en todos os casos, competencia escrita e non se valorará o coñecemento como un simple mérito acumulábel, senón como un medio através do cal se lles vai garantir aos cidadáns e cidadás o seu dereito a se relacionar coa administración na lingua propia, podendo ser, pois, unha proba de carácter eliminatório.
- c) Promoción do uso do galego, de forma oral e escrita, por parte de todo o persoal ao servizo da corporación, así como de mellora da calidade. Atención á súa formación e reciclaxe, á elaboración de modelos documentais, ó establecemento de criterios lingüísticos, así como a medidas incentivadoras do persoal que participará na posta en práctica e na avaliación das actuacións.
- d) Xeneralizar o uso do galego na información, programas e publicidade das emisoras e das televisións locais.
- e) Impulso da utilización da lingua galega por parte de todos os cargos institucionais e en todos os planos da vida municipal.

Serán liñas de actuación política externa

- a) Criar unha comisión municipal da lingua, onde participen os colectivos sociais interesados no deseño e aplicación da política lingüística destinada á poboación e aos diversos sectores.
- b) Dirixir campañas favorecedoras do uso do galego aos centros de ensino, aos distintos sectores profesionais, ás asociacións que actúan no ámbito municipal e ao conxunto da sociedade. Atender á promoción do seu uso escrito, publicitario, xeral, no comercio, nas asociacións deportivas e culturais; na hostelería, adegas, discotecas; nas empresas de transporte, etc.
- c) Incidir de maneira directa no sector privado a través da contratación administrativa.
- d) Apoiar as iniciativas sociais no proceso de normalización -subvencións, asesoramento, información-.
- e) Promover o uso do galego entre a infancia e a mocidade, através, no seu caso, da oferta de actividades lúdico-educativas con mensaxe lingüística, e de campañas, coa colaboración dos centros de ensino, asociacións e entidades.

## VI CULTURA

A política cultural do BNG no Concello de Teo terá como eixe básico de actuación a participación activa dos cidadáns e cidadás, tanto na programación como na realización e desfrute das actividades e dos produtos culturais, no camiño dunha oferta cultural ampla e con vocación maioritárea. As actuacións prioritárias terán os seguintes obxectivos:

### Asociacionismo cultural

- Criar un Consello Municipal de Cultura e Patrimonio, no que estarán representadas as asociacións culturais e veciñais, e os artistas, técnicos ou criadores. Este Consello terá, entre outras, as seguintes competencias:
  - a) Propor as liñas xerais da política cultural, así como o seu orzamento anual ou plurianual.
  - b) Participar na elaboración das bases das convocatorias de subvencións
  - c) Colaborar na elaboración de criterios para a concertación de convénios de cooperación do concello coas entidades culturais.
- Promover convénios coas entidades representativas do movemento asociativo para a programación de circuitos culturais, e impulsar o labor asociativo na mocidade e na terceira idade, facilitando locais e recursos técnicos e humanos.
- Aprobado e poñer en funcionamento o *Regulamento para a concesión de axudas e subvencións municipais a entidades sen ánimo de lucro* que o grupo municipal do BNG elaborara e presentara ao Pleno nesta lexislatura, someténdoo á consideración das asociacións que desenvolven a súa actividade no concello. O obxectivo do Regulamento é definir criterios de reparto xustos e obxectivos, regular o procedemento de concesión e garantir a transparencia e legalidade en todas as fases do proceso.

### Infraestructuras

- Posta en marcha inmediata da Biblioteca Municipal da Ramallosa, nun local que reúna as debidas condicións, cun horario axeitado ás necesidades dos usuarios, e co persoal necesario para a súa posta en marcha e xestión. Con este fin, e co da creación do Arquivo Histórico Municipal, crearase unha praza de Técnico en Arquivos e Bibliotecas.
- Creación de centros polivalentes para o desenvolvemento da actividade cultural e social que poidan dispoñer, segundo as necesidades de cada zona, de sala de lectura e estudo, salón de actos, videoteca, fonoteca.... Este obxectivo conlevará a construción de novas infraestructuras, como no caso da zona dos Tilos-Montouto, ou a recuperación e rehabilitación de infraestructuras xa existentes noutros puntos do concello.
- Establecemento de convénios coas asociacións culturais ou deportivas que contan con patrimonio inmobiliario propio, para a restauración e reparación dos seus locais e que posibiliten un uso público e un aproveitamento social máximo das súas propiedades. Do mesmo xeito, estableceranse convénios cos centros públicos de ensino para a utilización das súas infraestructuras con fins culturais abertos ao conxunto da sociedade.
- Creación dun gran contenedor cultural -que será xestionado polos propios actores, músicos e artistas-, que permita o ensaio dos grupos, actuacións en directo, encontros de creadores,...
- Apoio municipal ás reivindicacións da *Asamblea veciñal Vaamonde século XXI* no seu proxecto de defensa e protección dos espazos públicos e bens culturais da parroquia, así como de todas aquelas iniciativas que, cos mesmos obxectivos, xurdan noutras parroquias do concello.

### Dinamización cultural

- Recuperación, estudo, posta en valor e difusión de todas as manifestacións da cultura popular do concello de Teo, promovendo a creación dun seminario de estudos comarcal, a realización de traballos de investigación, e a organización de mostras, circuitos intermunicipais, festivais... Prestaráse especial atención á recuperación e

difusión da nosa historia, apoiando a celebración de actos como os relacionados coa Batalla de Cacheiras, o Entroido tradicional,...

- Apoiar as manifestacións artísticas dos mozos e mozas do concello favorecendo a creación e a difusión da súa obra (escritores, pintores, creadores audiovisuais,...) e impulsar e fomentar todo tipo de manifestacións musicais, artísticas, de teatro afeizoado,... que xurdan dende o tecido asociativo. Neste sentido establecerán-se tamén xornadas para o intercambio de experiencias e difusión conxunta das súas creacións.
- Creación dunha praza de Técnico de actividades culturais, responsábel da dinamización e xestión da actividade cultural municipal e da súa coordinación coas actividades propias das asociacións culturais.
- Destinar de forma definitiva o Auditorio da Ramallosa á actividade cultural, ofertando unha programación continuada na que teñan cabida: actuacións de grupos e artistas de asociacións culturais que desenvolvan a súa actividade no concello de Teo, unha programación propia promovida dende o Concello e intercambios con outras institucións para conseguir unha oferta cultural ampla e diversificada
- Promoción de programas formativos e lúdicos en colaboración cos centros de ensino.

### **Patrimonio cultural**

- Realizar o inventariado, catalogación e rexistro municipal dos bens móbels, inmóbels ou inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, científico, técnico ou de tradición oral do concello. Procurará-se, naqueles casos de entidade e relevancia, conseguir a declaración de Ben de Interese Cultural.
- Diseñar un plano de recuperación, protección e conservación do conxunto do patrimonio cultural inventariado, realizando convénios con particulares ou entidades que sexan propietarios de bens de relevancia histórico-artística ou cultural, e realizando os investimentos necesarios para garantir a conservación do patrimonio de titularidade municipal. Neste sentido, prestará-se tamén atención ao acondicionamento do antigo "Camiño Portugués" de Compostela, así como á recuperación dos vellos camiños tradicionais que atravesaban o concello.
- Levar adiante un proxecto integral para o coñecemento, promoción e difusión do noso patrimonio histórico, cultural, arqueolóxico, arquitectónico e natural, deseñando proxectos educativos para os máis novos baseados no coñecemento e o respecto do seu entorno e do patrimonio, e establecendo rutas e itinerarios sinalizados e con puntos de información que permitan ao conxunto da sociedade o coñecemento e o disfrute desta riqueza.
- Creación dun Arquivo Histórico Municipal que conteña os fondos da actividade administrativa do concello, pasada e presente, e toda a documentación histórica de carácter local -oral, escrita ou visual- que poida recuperarse ou que se produza no futuro.
- Establecer negociacións coa Igrexa e coa Comisión mixta Xunta de Galicia-Igrexa para a restauración e conservación dos edificios de carácter relixioso e para a utilización social e colectiva das *casas parroquiais* que foron quedando baleiras ou infrautilizadas nos últimos anos, e que poden ser destinadas a centros de terceira idade, casas de acollida,...

## **VII POLÍTICA EDUCATIVA**

O BNG desenvolverá no Concello de Teo un programa de Política Educativa que terá como prioridades:

### **Centros educativos. Instalacións e mantimento**

- Garantir unha óptima conservación, mantimento e limpeza dos centros de Educación Infantil e Primaria mentres non se consiga que estas obrigas pasen a ser responsabilidade da Consellería de Educación. Velará-se, de forma

prioritaria, polo cumprimento das normas de seguridade en todos os centros educativos do Concello e pola eliminación das barreiras arquitectónicas. Prestará-se especial atención ao coidado e mantimento do entorno dos centros (iluminación, limpeza, seguridade vial,...).

- Negociar coa Consellería de Educación e con outros organismos públicos convénios que permitan mellorar as instalacións dos centros públicos e dota-los de infraestruturas e servizos como salas de usos múltiples, salóns de actos ou instalacións deportivas ao aire libre e cubertas. En xeral, será preciso mellorar as condicións do espazo exterior para lecer e actividades deportivas en todos os centros. En concreto, será prioritario dotar ao colexio dos Tilos dun espazo exterior que hoxe é insuficiente e prolongar os patios cubertos dos colexios de Calo e A Ramallosa para permitir o paso resgardado entre distintos edificios.

### **Oferta educativa**

- Completar a rede de centros, de maneira que permita a oferta de ciclos formativos de grao medio e superior. Os ciclos ofertados deberán estar relacionados coa actividade económica do concello e da comarca, así como coa demanda laboral. Débese completar esta oferta coa implantación de programas de garantía social ou dos Programas de Iniciación Profesional que os sustiuan.
- Ampliar a oferta de centros públicos de primeiro ciclo de Educación Infantil (Gardérias), de maneira que exista unha oferta suficiente para atender a demanda existente. Neste sentido, cómpre modificar a xestión e espazos da gardería dos Tilos e esixir a posta en funcionamento, de inmediato, da gardería de Calo con persoal e dotación a cargo da Consellería de Familia.
- Promover desde o Concello políticas que permitan ampliar a rede actual de centros adicados á formación das persoas adultas, que debe incluír un centro ou unidades de educación de Adultos con oferta de todos os niveis do sistema educativo non universitario para esta modalidade: I, II e III (Primaria, ESO, Bacharelato e FP.). Do mesmo xeito, desenvolverá programas de formación diversa, ben por iniciativa propia ou ben acollendo-se a programas doutras entidades.

### **Actividades complementares extraescolares**

- Promover programas formativos e lúdicos en colaboración cos centros de ensino. Estes programas contemplarán, entre outras, actividades que fagan referencia á defensa da paz, á solidariedade entre os povos, á defensa do medio ambiente, ao coñecemento do noso patrimonio cultural e da nosa identidade, etc., sempre dentro dunha concepción non sexista da educación. O concello colaborará no desenvolvemento das actividades extraescolares mediante unha programación xeralizada e consensuada coas comunidades escolares.
- Criar unha Escola Municipal de Música

### **Apoio á educación**

- Fomentar a participación social na Educación. O Concello tomará as iniciativas que correspondan para a posta en funcionamento do Consello Escolar Municipal co obxectivo de planificar, na medida das súas competencias, o funcionamento do sistema educativo no seu ámbito e viabilizar todo tipo de iniciativas para a súa mellora. O Concello colaborará coas comunidades educativas de cada centro e participará activamente nos consellos escolares respectivos.
- Lograr que todos os rapaces e rapazas do concello estean escolarizados en boas condicións nos niveis obrigatórios, para o que se fixarán anualmente partidas nos orzamentos municipais destinadas a bolsas.

No que se refire ao transporte escolar nos niveis non obrigatorios, garantirá-se, con carácter xeral, a subvención do 50 % do custe total do transporte para os estudantes da ensinanza secundaria post-obrigatoria no instituto de Cacheiras, así como o 50% do custe do transporte individual de todos aqueles alumnos e alumnas que, estando censados en Teo, teñan que desprazarse a outro concello para seguir estudos de ensinanza secundaria post-obrigatoria (ou ciclos formativos de grao medio) por non existir esa oferta específica no IES de Cacheiras. Calquera

destas bolsas acadará o 100% do custe total do transporte naqueles casos nos que a renda familiar sexa inferior 2,5 veces ó salario mínimo interprofesional.

O Concello establecerá negociacións coa Consellería de Educación para que, mentras non se autorice o establecemento de ciclos formativos no IES de Cacheiras, a propia Consellería se faga cargo de sufragar as bolsas dos estudantes que deben desprazarse fóra do Concello de Teo, no camiño de conseguir, de xeito progresivo, que a propia administración educativa asuma a totalidade do custe do transporte escolar na educación postobrigatoria.

- Promover iniciativas e colaborar decididamente na mellora ou na posta en marcha de servizos complementarios da educación como os comedores escolares. Neste sentido negociarase coa Consellería a dotación de mobiliario para o comedor do colexio dos Tilos e noutros posibles casos nos que existise demanda.
- Estabelecer un convenio coa Consellería de Educación para a utilización dos centros escolares (bibliotecas, aulas de informática, instalacións deportivas ...) fóra do horario escolar e para o disfrute de todos os cidadáns.
- En colaboración coas ANPAS e outras institucións, o Concello poñerá en funcionamento nos centros públicos do seu territorio un servizo de atención aos nenos e nenas en horario previo ao comezo das clases (con servizo de almorzo) e ao finalizar estas, co obxectivo de que os pais e nais podan compatibilizar o seu horario laboral co horario escolar dos nenos e nenas.

## VIII SANIDADE

O B.N.G considera que a saúde individual e comunitaria débese enfocar dende unha perspectiva bio-psico-social incidindo, dende o Concello, en todos os aspectos que a condicionan: calidade de vida, situacións de exclusión social, equilibrio medio ambiental, infraestruturas de atención primaria, campañas de prevención en colaboración coa Consellería de Sanidade, participación da comunidade nos órganos de planificación sanitaria do Concello, etc.

Na actualidade, os centros de Calo e Os Tilos, que dan servizo a menos do 50% dos veciños de Teo, cumpren tanto en persoal como en infraestruturas cuns mínimos requeridos, sempre susceptibles de melloras. Pola contra, as zonas de Pontevea e Cacheiras presentan, a pesar de ter máis do 50 % das cartillas sanitarias do Concello, graves deficiencias tanto en número de persoal sanitario coma en infraestruturas. Están-se a criar, deste xeito, cidadáns de primeira e de segunda en canto a atención sanitaria recibida. Esta situación tan só se explica pola desidia do grupo de goberno que, a pesar de coñecer o interese de Atención Primaria do área sanitaria de Compostela en construír un centro na zona de Cacheiras que paliara ese déficit, foi incapaz durante catro anos de ofertar uns terreos para que esa obra puidese levarse a cabo.

Para o futuro goberno do BNG é polo tanto prioritario:

- Ofertar terreos de titularidade municipal no área de Cacheiras que permitan establecer un convenio entre o Concello e a Xerencia de Atención Primaria do área sanitaria de Compostela para permitir a construción dun Centro Sanitario que palie o déficit, tanto de persoal coma de infraestruturas, que existe nesa zona.
- Garantir un servizo público de transporte que asegure a comunicación entre as distintas parroquias e os centros sanitarios existentes.
- Solicitar da Xunta de Galiza un sistema eficaz de acceso á rede pública sanitaria galega, que garanta a equidade no acceso da cidadanía ás primeiras consultas, probas diagnósticas, e intervencións cirúrxicas e tratamento. Asemade a elaboración dun plano para afrontar a situación.

- Demandar unha información periódica que permita á cidadanía un exercicio real e efectivo dos seus dereitos, para coñecer a situación puntual das esperas por especialidade nas distintas consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas.

## IX SERVIZOS SOCIAIS

O Bloque Nacionalista Galego entende os servizos sociais integrados nas políticas de benestar social e, polo tanto, integrantes dunha macroárea de Benestar Social que abrangue as políticas específicas de muller, xuventude, vivenda, emprego, relacións veciñais, cultura, deportes e servizos sociais.

Dentro da área de servizos sociais, estes son concibidos como un dereito da cidadanía, polo que se aposta por unha rede pública e integrada nos servizos que presta o Concello directamente. Vemos os servizos sociais como un instrumento para actuar sobre as situacións sociais dende un punto de vista preventivo e artellador.

É necesario ter en conta o cambio da composición social do noso concello nestes últimos anos, que pasou a contar con dous importantes núcleos urbanos así como con numerosas urbanizacións dispersas con dificultades de vinculación co entorno. Isto, sen esquecermos da realidade rural na que se asenta a maioría da poboación autóctona de Teo. Estes dous polos teñen que integrar a actividade dos servizos sociais, pois ambos están definindo as necesidades da poboación do concello.

### *1. Servizos sociais de atención primaria e servizos comunitarios.*

O modelo organizativo dos servizos sociais de atención primaria municipais do concello de Teo debe ser modernizado e achegado á cidadanía. Os servizos e programas que presta este departamento verán-se mellorados coa introducción das seguintes medidas:

- Traballo coordinado de todos os profesionais do eido social do concello, para conseguir actuar coerentemente sobre a realidade social.
- Desenvolvemento do traballo comunitario, para potenciar a organización da sociedade civil e construír vías de comunicación efectivas entre os servizos sociais e a poboación, así como o coñecemento da realidade social en cada momento.
- Progresiva descentralización dos servizos sociais, achegando a atención aos cidadáns nas parroquias máis afastadas, utilizando para elo as instalacións municipais xa existentes e outras que se poidan crear, e identificación dos profesionais coa realidade social sobre a que actúan.
- Regulamentación clara, publicidade das normas e fiscalización polo pleno de todas as axudas de competencia municipal, evitando a manipulación política das necesidades persoais e sociais da poboación.
- Conseguir chegar a ter un/unha Traballador/a Social de Atención directa por cada 6000 cidadáns, para acadar así a meia estatal de poboación/profesionais. Pretende-se unha atención directa, integral e profesional das problemáticas individuais e das situacións sociais.
- Organización interna do servizo, establecendo a figura do coordinador/a de atención e programas, como responsábel do funcionamento do mesmo.
- Redacción e publicación da guía do cidadán, onde se fagan constar os servizos que se presten, o sistema de dereitos e deberes dos e das cidadáns, así como o sistema de reclamacións sobre o servizo.
- Establecemento das canles necesarias de comunicación e coordinación cos outros dispositivos públicos (escolas, institutos, centros de saúde, etc) que faciliten a detección precoz de problemáticas sociais.

- Potenciación do servizo de integración social, con especial atención ás problemáticas de exclusión social.
- Potenciamento dos equipamentos de usos múltiples, así como a programación de actividades, con persoal especializado en animación cultural e dinamización social.
- Criación dun parque de vivendas destinadas ao alugamento social, como medida tendente a garantir o dereito ao aloxamento.
- Potenciamento do programa de axuda no fogar a nivel municipal, como servizo destinado ás persoas maiores, e tamén en atención de situacións de necesidade da poboación en xeral.

## 2. *Actuación en áreas específicas:*

### . Persoas Maiores

- Integración dos residentes das múltiples residencias privadas na vida social do concello.
- Criación de actividades e espazos de convivencia interxeneracional.
- Facilitar o acceso das persoas maiores ás actividades sociais, recreativas e culturais, tanto ás específicas como ás destinadas a toda a poboación.
- Criación dun centro de día, destinado ás persoas maiores con situacións que requiran este tipo de cuidados.

### . Atención a familias.

- Criación do servizo municipal de mediación familiar.
- Xestión pública das garderías municipais do concello, dotándoas dun sistema de funcionamento que garanta a cobertura das necesidades das familias e dos nenos e nenas.
- Estabelecemento de actividades e servizos que faciliten ás familias harmonizar o traballo e o cuidados dos nenos e nenas, así como servizos específicos nos períodos de vacacións (Campamentos urbanos, actividades de gardería con horarios axeitados, servizo de canguros, etc)
- Criación dun servizo de asesoramento xurídico en temas de dereito de familia.

### . Atención á persoas con discapacidades.

- Eliminación das barreiras arquitectónicas en todos os servizos públicos dependentes do Concello, así como efectuar a presión necesaria cara ás demais administracións para que as retiren nos centros da súa titularidade.
- Adecuación da infraestrutura urbana, e especial seguimento das obras de iniciativa privada para impedir a existencia de barreiras arquitectónicas.
- Especial atención a este colectivo nas actividades de integración social, incluíndo un especial esforzo nas referentes á infancia.
- Potenciación dos obradoiros, centros de emprego e das actividades que poden ser realizadas através da actuación municipal ou de entidades de iniciativa social.

### . Emigrantes retornados/as e inmigrantes

- Estabelecemento de programas de integración social, económica e laboral para os emigrantes retornados e inmigrantes que o necesiten.
- Acceso aos servizos sociais deste colectivos en igualdade de condicións que o resto da cidadanía, nos programas municipais.

## **X POLÍTICA PARA A MOCIDADE**

O futuro dunha sociedade é o futuro das mozas e mozos que hoxe a están a formar. O BNG considera que o futuro do Concello depende das alternativas que este lle ofrezca a mocidade para que se erixa nun garante de progreso. Por iso, considerámos básicas as seguintes liñas de actuación no ámbito da política para a mocidade:

- Criar unha Concellería da Mocidade, dotada do orzamento suficiente para levar a cabo as actuacións e xestións necesarias dentro do seu ámbito de competencia.
- Constituír o Consello Local da Mocidade, no que terán cabida o Concello, asociacións xuvenís, organizacións políticas e sectores interesados. Centrará as súas actuacións no estudo, seguimento e avaliación das necesidades da mocidade e nas actuacións conducentes a súa satisfacción.
- Colaborar coas asociacións (xuvenís, culturais, deportivas, veciñais, etc.) en actividades concernentes a este sector demográfico.
- Promover e realizar dende a propia Concellería un programa de actividades culturais, deportivas, educativas, lúdicas, etc.
- Dotar ao Concello das institucións necesarias para un desenvolvemento das capacidades formativo-profesionais que faciliten a inserción da mocidade no mundo laboral (Biblioteca Municipal, Escola Obradoiro, Cooperativas de traballo, plans de formación ocupacional,...)
- Potenciar a actividade do Axente de Desemrolo Local co fin de que o seu labor se vexa reflectido na incorporación das mozas e os mozos ao mundo do traballo.
- Promover e xestionar a construción de vivendas para a mocidade a través de Vivendas de Protección Oficial.
- Facilitar información, así como a realización de programas educativos en materia de sexualidade, drogas, malos tratos, fracaso escolar, ecoloxismo, etc, en colaboración con institucións sanitarias, ONGs, etc.
- Promover actividades que permitan diversificar o desfrute do lecer nocturno
- Achegamento da música, do teatro e do cinema á mocidade mediante o apoio a nivel infraestructural, material e financeiro por parte do Concello a estas e outras expresións artísticas e culturais

## **XI POLÍTICAS ESPECÍFICAS DE ATENCIÓN ÁS MULLERES**

A intención do BNG é contribuir desde todas as institucións das que formamos parte á corrección da discriminación das mulleres, proponendo unha serie de actuacións moi concretas que camiñen cara á igualdade real. Para conseguir isto, cremos necesaria unha actuación conxunta das diferentes institucións, lembrando o importante papel que corresponde á Xunta de Galiza, á que os concellos deben reclamar o cumprimento das súas competencias, establecendo convénios de cooperación se fose necesario. Esixe ademais o tratamento político desta cuestión un compromiso de goberno horizontal, que garde unha coherencia dentro do Concello, vixiando tanto o cumprimento das diferentes políticas sectoriais (laboral, educación, sanidade, cultura,...) como a adecuada dotación orzamentaria, imprescindible para a consecución dos obxectivos propostos.

Considéranse medidas prioritárias:

- Criación dunha Concellería da Muller, encargada de marcar as liñas de actuación neste campo e de que se executen todas aquelas medidas que se decidan levar a cabo.
- Elaboración dun Plano para a Igualdade de Oportunidades e de Trato para as Mulleres adaptado ás necesidades do concello de Teo.
- Especial atención á violencia de xénero, promovendo a difusión do servizo de información destinada a previr e deter a violencia doméstica e a discriminación feminina.
- Fomento da participación das mulleres na formación cultural e laboral para a súa incorporación aos eidos da vida social e laboral.
- Fomento nas contratacións, e en igualdade de condicións, de medidas de acción positivas encamiñadas a conseguir postos de traballo para as mulleres.
- Búsqueda de recursos dos Fondos Comunitarios para levar a cabo diversos Programas para favorecer a inserción laboral das mulleres.
- Reclamación da asunción por parte do SERGAS da obrigatoriedade de prestar a todas as mulleres servizos específicos de saúde.

## XII DEPORTES

Son obxectivos prioritarios da política deportiva do BNG no Concello de Teo:

- Impulsar a instalación dunha piscina climatizada municipal que posibilite a aprendizaxe e a práctica da natación a todos os veciños e veciñas que o demanden, durante todo o ano.
- Diseñar un plano de desenvolvemento deportivo, dirixido á xuventude do concello, que permita a práctica xeralizada dunha actividade deportiva de carácter xeral e facilite e promocióne, dende a infancia, a práctica específica dalgún deporte. Do mesmo xeito, coordinará-se e fomentará-se unha actividade deportiva de mantimento para a poboación en xeral, cuns horarios e iniciativas que así o permitan.
- Garantir a posibilidade do acceso á actividade físico-deportiva para todos os cidadáns e cidadás que o demanden.
- Pular pola creación de escolas municipais de deportes que complementen o labor das sociedades existentes.
- Colaborar na mellora das instalacións deportivas escolares en colaboración coa administración educativa coa que se promoverán convenios para o uso destas instalacións fóra do horario lectivo.

Impulsará-se unha política de axudas, transparente, a partir de criterios e baremos que primen o modelo educativo e o traballo máis que os resultados. Demandará-se das administracións supramunicipais o apoio necesario a estes clubs.

Facilitará-se tanto a utilización das instalacións deportivas municipais, como o asesoramento necesario para a formación de monitores, persoal directivo, árbitros, etc.

Potenciarán-se asociacións de clubs de base, de ámbito municipal, ou comarcal no seu caso, para a obtención de recursos e para o establecemento e coordinación de políticas deportivas.

Fomentarán-se as Escolas Deportivas municipais, ou comarcais, coorganizadas cos clubs ou asociacións deportivas, para facilitar o acceso á actividade físico-deportiva.

## CANDIDATURA DO BNG AO CONCELLO DE TEO

- 0. Martiño Noriega Sánchez
- 0. Rafael Sisto Edreira
- 0. Soedade Amieiro Rodríguez
- 0. Ánxela Bugallo Rodríguez
- 0. Xosé Ignacio Iglesias Villar
- 0. Mercedes García Conde
- 0. Manuel Pérez Calvelo
- 0. Xosé Mosquera Barreiro
- 0. Humberto Busto Abella
- 0. Andrés Fernández Martínez
- 0. Rosario Castro Rodríguez
- 0. Álvaro Vieites Novo
- 0. Carmen Diéguez González
- 0. María Dolores Marín Nieves
- 0. Antonio Pintos Carballal
- 0. Xoán García Muras
- 0. Ángel M. Rey Martínez

### Suplentes:

- 1. Carmen Cutrín Novas
- 1. Lois Fompedriña Martínez
- 2. Xosé María González Valiño
- 3. Xosé Lois Otero Cepeda